



EXEMPLO 1: Identifica as seguintes especies químicas como ácidos ou bases de Brønsted-Lowry cando reaccionan con H<sub>2</sub>O: a) F<sup>-</sup>, b) NH<sub>4</sub><sup>+</sup>, c) H<sub>2</sub>PO<sub>4</sub><sup>-</sup>. Escribe as reaccións indicando a natureza de cada substancia.

a) O ión fluoruro só se pode comportar como base fronte á auga, xa que non ten hidróxenos que poida ceder.



b) O ión amonio só se pode comportar como ácido fronte á auga, xa que ten hidróxenos que pode ceder. Pero non se podería comportar como base, non pode captar un ión H<sup>+</sup> xa que o nitróxeno non dispón de orbitais para formar unha nova ligazón, ademais sería difícil chegar dous ións de carga positiva.



c) O ión dihidroxenofosfato pódese comportar como ácido e como base, xa que pode aceptar hidróxenos, pero tamén dispón de hidróxenos para ceder. É unha substancia anfótera.

